

22/5/2009



**AAVV SAN  
ANDRÉS  
DE  
ZARRACÓS**

## MEMORIA DETALLADA PARA 2009 E ORZAMENTOS PORMENORIZADOS

CIF:32.171.506 Rúa Outeiro S/N, 32.839 – Zarracós- A Merca  
[www.zarracos.org](http://www.zarracos.org) – [correo@zarracos.org](mailto:correo@zarracos.org)



**Enderezo:**  
Rúa Outeiro S/N, 32.839  
Zarracós - A Merca -Ourense

**Teléfono:** 988 26 37 02  
**Web:** [www.zarracos.org](http://www.zarracos.org)  
**Correo:** [correo@zarracos.org](mailto:correo@zarracos.org)

## MEMORIA PARA O ANO 2009

A continuación fareille unha relación exhaustiva e detallada das actividades socio lúdico-culturais, ademais das obras relativas a sede desta asociación que pretende levar a cabo a Xunta Directiva desta:

### ACTIVIDADES SOCIO LÚDICO-CULTURAI

#### Mantemento da páxina web WWW.ZARRACOS.ORG

Despois de máis de 6 anos de funcionamento da páxina web da Asociación de Veciños (<http://www.zarracos.org>) e comprobando a boa aceptación da mesma por parte dos veciños, debido a gran cantidade de correos electrónicos e visitas recibidas (15.000 dende a súa posta en marcha no 2003) amén doutro tipo de manifestacións a través da mencionada plataforma. Este ano intentaremos seguir ofrecendo este servizo tecnolóxico, mellorandoo constantemente (incluíndo un foro de debate, sección de mensaxes, enquisas mensuais, meteoroloxía ....), para que os veciños e emigrantes teñan acceso a toda información referida o que pasa na parroquia: fotos, cursos que se desenvolven, festas, obras, asembleas, actas... contribuíndo así a información, e a introducción das novas tecnoloxías no rural e permitindo que dita web sexa un punto de encontro de todos os veciños desta parroquia.

www.zarracos.org  
Asociación de Veciños San Andrés de Zarracós

15 anos de asociación

Novidades  
Galería  
Festas  
Actividades  
A Asociación  
A parroquia  
Obras  
Contactar  
Asembleas  
Enlaces  
Vídeos  
Libro de visitas

VIDEO DO "GRUPO ATALAYA " NOVO!!

Como adianto do que será a Festa das Neves 2009, queda a disposición de todos vos un vídeo de "Grupo Atalaya" que estará con nos o día 8 de Agosto, Sábado.

METEOROLOXÍA  
O Tempo » A Merca  
Sábado  
20°C | 12°C

ENQUISA MENSUAL  
¿Qué nota lle darías á Festa das Neves 2009?

VOTOS EMITIDOS: 58

Sobresainte	72.41% (42)
Notable	3.45% (2)
Ben	1.72% (1)
Aprobado	0% (0)
Suspense	22.41% (13)

RIFAS DO SORTEO DA FESTA DAS NEVES 2009 Á VENDA NOVO!!!

Xa podedes adquirir as vosas rifas para o sorteo dobre que se levará a cabo o Domingo día 9 de Agosto no transcurso da Festa das Neves 2009.

Polo módico prezo de 1 Euro por papeleta (ao igual que en anos anteriores se mercas 5 regalamosche 1) participaredes no sorteo dun Televisor LCD de 20 polgadas con TDT integrado e no sorteo dunha cámara de fotos dixital.

Como nota aclaratoria, por se non quedou o suficientemente claro, coa papeleta participades nos

XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Comunicación  
Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual

Esta web en galego tivo unha axuda outorgada pola Xunta de Galicia - Presidencia - Secretaría Xeral de Comunicación - Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual.

Votar  
Enquisas Anteriores



**Enderezo:**  
Rúa Outeiro S/N, 32.839  
Zarracós - A Merca -Ourense

**Teléfono:** 988 26 37 02  
**Web:** [www.zarracos.org](http://www.zarracos.org)  
**Correo:** [correo@zarracos.org](mailto:correo@zarracos.org)

## Festa Do San Ceriz (20 de Xuño)

Organización da **10ª Edición da “Festa do San Ceriz”** no mes de Xuño, ó igual que en anos anteriores. Esta consiste nunha comida de irmandade entre todos os membros desta asociación. Con ela amén de recuperar a celebración da festa na honra a este santo, que había moitos anos que non se celebraba, pretendemos fomentar a unión das xentes do pobo.

Para esta actividade prevese unha participación de 110 persoas.

## Torneo de Tute (Semana anterior a festa das Neves)

Coa intención de diversificar as actividades realizadas durante a “**Festa das Neves**”, e para que todo o mundo poida desfrutar da mesma dun xeito ou doutro organizamos a **16 Edición do campionato de tute por parellas**, o cal lle damos un carácter localista, a fin de que poidan participar o maior número posible de veciños.

Para esta actividade prevese unha participación de 12 parellas.

## Xornada de Xogos (Víspera de festa das Neves)

En Zarracós, gracias o traballo desinteresado dos membros desta asociación e da xuventude do pobo, lévanse celebrando de maneira regular tódolos anos, unha xornada dedicada ó entretemento dos nenos do pobo e da contorna, amén doutros xogos para maiores que intentan recuperar os xogos tradicionais de fai uns anos nos que non había tanta tecnoloxía.

Para esta actividade prevese unha participación de 40 rapaces e uns 70 maiores.

## Karaoke e velada musical (Véspera de festa das Neves)

Dende hai xa varios anos, esta Asociación en colaboración con algúns veciños do pobo ,ven levando a cabo unha noite de karaoke, na que todos aqueles veciños que o desexan poden cantar emulando os seus artistas favoritos

Para que a actividade sexa aínda máis atractiva de cara ó público complementase cunha especie de discoteca móbil con música de todos os estilos: pasodobre, dance , house, reggaeton, cumbia merengue... para que a mocidade e o resto do pobo disfrute ó máximo e poida bailar.

Para esta actividade prevese unha participación de 30 persoas e unhas 300 persoas de público.

## Festa da Virxe das Neves (Primeiro fin de semana de Agosto)

Organización da Festa na honra a Virxe das Neves durante o primeiro fin de semana do mes de Agosto. Nesta interveñen dúas orquestras ademais de dúas charangas que ofrecen alboradas e concertos polos distintos pobos que compoñen a parroquia. Con esta celebración pretendemos fomentar a unión do pobo tentando manter as tradicionais verbenas populares, xa que cada vez vai habendo menos debido ós elevados presupostos que se necesitan para celebrar as mesmas.

Para esta actividade prevese unha participación de 800 persoas.

## Campionato de Chave (Domingo da festa das Neves)

Intentando que os maiores e non tan maiores participen da festa dun xeito lúdico, recuperamos o tradicional xogo da chave, organizando un campionato durante a tempada estival (que tamén vai xa pola súa 14 Edición), ofertando así unha actividade máis a todos os veciños.



**Enderezo:**  
Rúa Outeiro S/N, 32.839  
Zarracós - A Merca -Ourense

**Teléfono:** 988 26 37 02  
**Web:** [www.zarracos.org](http://www.zarracos.org)  
**Correo:** [correo@zarracos.org](mailto:correo@zarracos.org)

Para esta actividade prevese unha participación de 40 persoas e unhas 200 de público.

## Cursiño de Traballos Manuais (Novembro)

Solicitar do concello que vostede preside a concesión dun novo cursiño de Traballos Manuais, dado o éxito acadado en anos anteriores, e que vostede mesmo puido comprobar ó asistir a cerimonia de clausura do mesmo. Este cursiño xa se está levando a cabo na sede desta Asociación contando cunha gran asistencia igual que en anos anteriores.

Para esta actividade prevese unha participación de 18 persoas.

## Festa do Magosto (Mes de Novembro)

Realización da festa do Magosto no mes de Novembro, tan tradicional no noso concello e na contorna. Así, con ela pretendemos exaltar os manxares da terra, como: chourizos, empanada, castañas, lacón, licor..., unindo ós veciños do pobo e aqueles que así o desexen nunha noite máxica de comida e diversión a carón dunha gran fogueira.

Para esta actividade prevese unha participación de 110 persoas.

## Xornadas de Cine (Durante os meses de outono e inverno)

Esta Asociación tamén pretende organizar unhas tardes de **CINE** nos fins de semana, xa que agora dispomos do material audiovisual axeitado. Dita actividade levaríase a cabo os Sábados ou Domingos na sede desta Asociación e consistiría no visionado de: películas, documentais, series, pases de fotos... fomentando así a unión das xentes da parroquia así como a paixón polo 7º arte.

Para esta actividade prevese unha participación de 50 persoas.



**Enderezo:**  
Rúa Outeiro S/N, 32.839  
Zarracós - A Merca -Ourense

**Teléfono:** 988 26 37 02  
**Web:** [www.zarracos.org](http://www.zarracos.org)  
**Correo:** [correo@zarracos.org](mailto:correo@zarracos.org)

## OBRAS NA SEDE DA ASOCIACIÓN




### Compra de unha neveira para o local social

Durante este ano, esta Asociación adquiriu unha neveira para o local social, xa que se fixo necesaria dada a gran cantidade de eventos que se levan a cabo no mesmo. Ademais, esta Asociación propúxose que o local social poida ser un punto de encontro para todos os veciños, de ahí que nos últimos anos (a través dos fondos deste organismo) se adquirisen gran diversidade de electrodomésticos e material electrónico, posibilitando a reunión de todos os veciños en dito local para levar a cabo todo tipo de celebracións.

### Construcción dun novo local social - multiusos

**(Aínda que esta acción non poida ser obxecto de subvención o secretario considera que é necesario nomeala dada a súa trascendencia para o pobo)**

Esta Asociación dende fai xa **catro anos** propúxose retomar o proxecto que noutroa fixeran os entóns directivos da mesma (ala polo ano 1993-1994), a construción dun novo local social-multiusos, dado que o que existe actualmente non reúne as condicións tanto de habitabilidade como de espacio suficientes para desenrolar todas as actividades que esta Asociación esta a desenvolver tales como: cursos, reunións, festas... así como outras que se poderían desenvolver: teatro, conferencias, tardes de cine...





**Enderezo:**  
Rúa Outeiro S/N, 32.839  
Zarracós - A Merca -Ourense

**Teléfono:** 988 26 37 02  
**Web:** [www.zarracos.org](http://www.zarracos.org)  
**Correo:** [correo@zarracos.org](mailto:correo@zarracos.org)

Durante o ano 2005 conseguíuse realizar o desterro, gracias a unha subvención concedida pola Xunta de Galicia (**800 Euros**) trala solicitude realizada dende esta Asociación, e os fondos cos que conta esta Asociación.

Así durante durante o ano 2007 o arquitecto do Concello de A Merca realizou unha memoria valorada da mencionada obra, para poder así optar as líneas oficiais de subvencións oficiais. (O plano que figura nas imaxes anteriores, e o que se nos ofrece en dita memoria).

Este edificio atendendo a localización do mesmo, mantendo as invariables dun tipo que debe adaptarse a un núcleo rural, de forma prismática, planta rectangular e separación funcional dos ascos da zona multiusos, para así permitir un uso alternativo das distintas funcións. Distribúese nunha sola planta duns 100 metros cadrados e cunha pendente que busca adaptarse a topografía natural, buscando un menor impacto.

Así esperamos recibir do Concello que vostede preside a máxima colaboración para poder conseguir que este antigo proxecto se converta nunha realidade da que poidan desfrutar todos os veciños desta parroquia.

Estas son de maneira resumida as actividades previstas por esta asociación, e polas que solicitamos do concello que vostede preside, a axuda que estimen oportuna para levar a cabo todas estas actividades nomeadas anteriormente.

Estamos seguros que o concello que vostede dirixe, fará o posible para que poidamos realizar estas actividades, quedando a súa disposición para dar calquera información que sexa necesaria, e po-lo que lle damos as gracias de maneira anticipada.

En Zarracós a 23 de Maio de 2009

O Presidente

O Secretario:

Asdo.: Manuel Taín Díaz

Asdo.: José Manuel Taín Vilanova

**EXCMO ALCALDE DO CONCELLO DE A MERCA**



**Enderezo:**  
Rúa Outeiro S/N, 32.839  
Zarracós - A Merca -Ourense

**Teléfono:** 988 26 37 02  
**Web:** [www.zarracos.org](http://www.zarracos.org)  
**Correo:** [correo@zarracos.org](mailto:correo@zarracos.org)

## ORZAMENTOS

A continuación adjuntareille un presuposto aproximado para levar a cabo todas estas actividades, dado que sin as referencias de participación nos actos e aceptación destes, é moi difícil dar un orzamento exacto.

### Fontes de Financiación:

- Inscripción de participantes nos diversos torneos.
- Venta de participacións para o sorteo dalgún obxecto.
- Subvención municipal que estamos demandando.
- Colaboración dos socios.
- Colaboración dos comerciantes da zona que poidamos obter.
- Colaboración doutros organismos oficias (Xunta de Galicia, Deputación,...).

<b>ESTUDIO ORIENTATIVO (Basado en anos anteriores)</b>	
<b>FESTA DO SAN CERIZ</b>	
Contratación dunha polbeira	2.000€
<b>FESTA DAS NEVES</b>	
Contratación de orquestras e charangas	8.200 €
Fogetes e material pirotécnico	1.100 €
Publicidade (Carteis, folletos...)	200 €
Gastos diversos	125 €
Sorteo dunha televisión e unha camara dixital	600 €
<b>CAMPIONATO DE TUTE</b>	
Cartas e tapetes	35 €
Trofeos	30 €
<b>CAMPIONATO DE CHAVE</b>	
Trofeos	25 €
<b>KARAOKE E VELADA MUSICAL</b>	
Agasallos para os participantes	90 €
Aluguer equipo de son	500 €
<b>FESTA DO MAGOSTO</b>	
Compra de comida e artigos varios	600 €
<b>DOTACIÓN ELECTRODOMÉSTICOS LOCAL SOCIAL</b>	
Neveira con conxelador	340 €
<b>XORNADAS DE CINE</b>	
Alquiler de películas	50 €
<b>CURSIÑO DE MANUALIDADES</b>	
Contratación dun monitor/a para impartir as clases	622 € (Subvencionado)
<b>CREACIÓN E MANTEMENTO DUNHA PÁXINA WEB</b>	
Realización, mantemento, administración, hosting e dominio	480 €
<b>CONSTRUCCIÓN DO LOCAL SOCIAL-MULTIUSOS</b>	
Construcción dun novo local social na parte superior do campo da festa	58.764 €
IVA (16%)	9402 €
Gastos xerais e beneficio Industrial (19%)	11.165 €
<b>TOTAL PARTIDA</b>	<b>79.331 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>94.328 €</b>

# ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANDRÉS DE ZARRACÓS

---



**Enderezo:**  
Rúa Outeiro S/N, 32.839  
Zarracós - A Merca –Ourense

**Teléfono:** 988 26 37 02  
**Web:** [www.zarracos.org](http://www.zarracos.org)  
**Correo:** [correo@zarracos.org](mailto:correo@zarracos.org)

Esta cantidade de diñeiro sería co que teríamos que contar para poder desenvolver toda-las actividades programadas e construír o novo local social-multiusos.

Como xa se mencionou anteriormente gran parte deste orzamento espérase cubrir coa propia aportación dos participantes e socios. E por isto que determinadas actividades esperamos que se autofinancien (Festas das Neves, do San Ceriz, do Magosto, campionatos...).

A páxina web, os xogos infantís, o karaoke, o local social, a neveira, as xornadas de cine, non contan con ningunha fonte de ingresos, é por iso polo que solicitamos do concello que vostede preside a concesión da subvención e nos apoiem ante outros ORGANISMOS para levar a cabo esa gran obra que para nos sería o novo local social-multiusos.

En Zarracós a 23 de Maio de 2009

O Presidente:

O Secretario:

Asdo.: Manuel Taín Díaz

Asdo.: José Manuel Taín Vilanova

**EXCMO. ALCALDE DO CONCELLO DE A MERCA**